

# En Vísperas do Primeiro Congreso unha soia Arela Vibra en Toda Emigración Galega

Representacions dos Galegos de Nova York, Cuba, Venezuela, México, Uruguay e Chile teñen Anunciado seu Arribo a Bos Aires

## A NOSA TERRA



BOS AIRES, XULLO DE 1956

Año XXXVII — No. 500

### A Nosa Coleitividade Diante do Primeiro Congreso da Emigración Galega

Se tendemos un arco cronolóxico-político da nosa coleitividade tocando como punto de partida o tráxico Xullo do 36 até hoxe, observaremos como a Galiza emigrada xunguida nun só propósito, nunha soia vontade d'aición, foi marcando fitos patrióticos e democráticos neste quefacer pol-a afirmación da personalidade nacional da Galiza e na loita afiuzada e sen acougo contra o réxime franquista que tanto loito e miseria inzou na nosa patria galega.

A partir do tráxico mes de Xullo falanxista até hoxe, precisamente ó mes escaso do histórico 28 de xuño do 36 no que o povo galego plebiscitou a sua vontade soberán de governarse por si mesmo nun réxime d'autonomía, podemos anotar un feito: que a nosa coleitividade afervoadamente galeguista e republcán, apesar dos turbos manexos dos nemigos d'adentro e d'ataca, nin por un só intre amoleceu nos seus firmes sentimientos aprol dunha patria galega ceibe e de condenación e repudio ó réxime falanxista.

Mais é que pra nós — e isto sabémolo d'abondo — o noso problema non é somentes un problema de ditadura ou democracia, de monarquía ou de república, porque temos concencia que neio está en xogo a nosa liberdade nacional. Daí o noso espírito de loita impracábel contra a ditadura falanxista.

Agora, a coleitividade galega de Bós Aires, que ten concencia peba de povo aprol dos seus fitos nacionais, por inspiración do Consello de Galiza, o máisimo organismo da galeguidade no exilio, co gallo de cumprírese o centenario do histórico Banquete de Conxo, apréstase con todo entusiasmo á realización do Primeiro Congreso da Emigración Galega, que abranguerá nun só propósito, nun só fito nacional a todal-as coleitividades galegas emigradas no dilatado hemisferio american e, os seus acordos e decisións, suporán un puto e un alento no presente e devir da Galiza territorial.

A este Congreso asistirán expresamente invitadas persoas representativas das más importantes entidades galegas d'América, como aísmo, figuras intelectuais que polo seu prestixio e atitude representan o máis enxebre do pensamento galego na emigración.

As poñenzas hárse axustare ó temario oportunamente publicado pol-a Comisión Organizadora do Congreso e, de ningún xeito permitiranse interferencias que poidan desvirtuar os propósitos eisclusivamente galegos e pra Galiza que moven a realización deste Congreso.

E isto decímoslo a xeito d'avertencia. Porque xa anda a zoar por aí un ventiño meseteiro onde se diz antre outras cousas o seguinte:

"Per ello considera que entre los temas a tratar por el Congreso debe figurar primordialmente el de la situación en que vive el pueblo gallego y todo el pueblo español para que el Congreso aporte conclusiones al respecto".

Nós estimamos que todal-as suxerenzas e aportacións a este Congreso serán ben acollidas en tanto elas proveñan de xentes ou institucións cuxo fito sexa Galiza e os seus problemas; mais se non tolerarán interferencias de xentes ou organismos que estexan ó servizo de partidos políticos hispánicos, en primeiro lugar porque as labours deste Primeiro Congreso da Emigración Galega adicáranse a pescudar as causas que orixinan o episodio masivo do noso campesiñado que, por outra banda, non é consecuencia eisclusiva do réxime franquista canto que a sua orixe arrinca no século XV coa perda da nosa liberdade nacional a mans dos Reis Católicos, executores direitos da destrucción da nosa economía. I en segundo lugar — e isto que o vaian entendendo os eternos "salvadores de España" — na loita contra o repudiável réxime falanxista a coleitividade galega de Bós Aires decote estivo no seu posto de vanguarda.

### O XX Cabodano do Plebiscito do Estatuto de Galiza foi Lembrado Brilantemente

A Comisión Intersocietaria de Entidades Galegas, composta polos Centros Pontevedrés Ourenseños, Coruños, Betanzos, A. B. C. de Corcubión e Irmandade Galega; celebrou con un alto acogido de emoción patriótica ó 20 aniversario do Plebiscito do Estatuto Galego.

O mesmo tivo lugar no casa do Centro Pontevedrés, rua Sarandi 847, perante a presenza dun público numeroso entusiasta, que celebrou con sostidos aplausos os distintos pasaxes que compusán o desenrollo do programa, artístico, e a intervención dos oradores.

O coro Brétemas e Roelas dirixido polo mestre Casal, encetou a festa coa interpretación do Hino Gallego escuchada con patriótica unión. A seguir a Rondalla do Centro Pontevedrés, dirixida polo mestre A. Sixto, interpretou a "Alborada Galega" de Pascual Vega, "Negra Sombra" de Montes i uns aires populares Celidos e rebuldeiros. Logo o Sr. Lito López, leitou coa mestria e brilanza das sempre poesías de Brañas, Cabanillas e Zapata García. O coro Brétemas e Roelas a contenuacón, subiu de novo ó estrado, pra nos deleita, con varias interpretacións do Canto ixenxible contido todo o cal foi celebrado polos presentes con entusiastas mostras de agrado.

O escuro de fondo estivo a cargo do Sr. Bleito Cupeiro, que fixo un enxundioso estudo da trascencia histórica do acto plebiscitorio, analizando, con fondo coñecemento do tema; cal foi, e cal ten de ser, a liña situante dos partidos políticos cara os problemas das liberdades e direitos da Nación gallega; p'neido de relxe, con verba precisa e crara, que, somentes sentíndnos cada vegada mais galegos e aicio-

nando de tal xeito, poderemos trocar en realidades os nosos ideais de liberdade e auto-determinación da Terra de Galiza.

Rematou o acto cunha patriótica arenga a cargo do Segredario,

do Consello de Galiza Sr. Antón Alonso Ríos, quen con voce acesa de emoción, deliou as faces de progreso, que de cote véñense operando no sazonar patriótico do sentimento do povo galego.

### A IRRESPONSABILIDADE DE "ESPAÑA INDEPENDIENTE" DE MONTEVIDEO

Fai uns anos, un suxeito d'espirito servilizado de nome Xosé Ruibal, facendo causa común con Falanxe paixola nómiga a morte da liberdade de Galiza e da súa cultura diferenciada, escribeu no "Faro de Vigo" que o galego era un idioma propio da servidume...

Insulto atal, ceibido impunemente contra a dignidade e a cultura dun povo, propio dun espírito reacionario e servil, tivo a espontánea reacción en Galiza, e América.

Poco tempo despóis, este tránsfuga deixando o paraíso falanxista afincou no Uruguai onde estableceu contacto cun partido político hispánico de extrema esquerda que edita na capital uruguaya o semanario "España Independiente" e, ó seu servizo, co gallo da celebración do Congreso da Emigración Galega a realizarábase en Bós Aires, veu a esta capital pra facer interviús a persoalidades da nosa coleitividade para serán publicadas no semanario hispanol de referencia. En tal ocasión, sorprendeu a boa fé do doutor Fiz Fernández, ex presidente da Irmandade Galega, desfigurando e falseando en proveito dos manexos da devandita agrupación política hispánica, as declaracóns vertidas polo doutor Fiz Fernández.

A dirección de A NOSA TERRA ó repudiar ó treidor e reacionario suxeito Xosé Ruibal, desautoriza ós editores de "España Independiente" quenes, ó publicar a sabendas as falseadas declaracóns do doutor Fiz Fernández encol do Congreso da Emigración Galega, só os anima un propósito: Criaren confusionismo e entorpecer as patrióticas e democráticas labours do Congreso.

### Foi moi Agasallada en Bos Aires a Delegación Galega do Uruguai

A Sociedade "Parroquias Unidas do Axuntamento de Rianxo" tivo a feliz iniciativa de renderlle un homenaxe a prestixosa Casa de Galicia de Montevideu e, con ese gallo, invitou a participaren nos aitos o Centro Galego, Centro Ourenseño, o señor Magariños, presidente do Círculo de Xornalistas do Uruguai e a un fato d'artistas galegos da capital uruguaya.

A delegación da Casa de Galicia estaba integrada polo presidente don Manuel Fernández Gómez, o segredario don Alberto Sánchez, o tesoureiro don Anxel Mera e o secretario do Consello de Galiza, señor Antón Alonso Ríos e don Manoel Puente, no seu carácter de presidente da C. de Facenda do Consello de Galiza e, da C. Organizadora do Congreso da Emigración Galega. Agradesceron en nome dos agasallados os señores Fernández Gómez e Martínez Castro.

No teatro Avenida realizouse un gran festival no cal tiveron destaca a situación folklórica os galteiros e coros da Casa de Galicia e

da Sociedade de Rianxo, colleitando o señor Xervasio Vázquez aforvosados aplausos da concurrencia que chechá a súa do teatro.

Entre os numerosos agasallados de que foron ouxeitos os irmáns galegos do Uruguai, debemos pór de nota o banquete ofrecido pola Sociedade de Rianxo o que foi servido no Centro Betanzos.

No Centro Ourenseño, as delegacións das entidades irmáns do Uruguai foron agasalladas polo Consello de Galiza cun xantar.

Fixeron uso da verba neste significativo alto d'irmandise, o segredario do Consello de Galiza, señor Antón Alonso Ríos e don Manoel Puente, no seu carácter de presidente da C. de Facenda do Consello de Galiza e, da C. Organizadora do Congreso da Emigración Galega. Agradesceron en nome dos agasallados os señores Fernández Gómez e Martínez Castro.

No casal do Centro Pontevedrés ós irmáns do Uruguai

### Novas autoridades das Mocedades Galeguistas

Na Asemblea Xeral realizada o 25 de maio ppdo. foron electos os irmáns que rexirán os destinos desta entusiasta entidade nazonalista no decurso deste ano; fican o Consello Direitivo integrado do seguinte xeito:

Presidente: Manuel Cordeiro Monteagudo; Segredario: Ciliviro Condes Tizado; Tesoureiro: Xose Casa Rodríguez; Conselleiros: Pilara Jerez, Antón Moreira, Emiliano Santamaría, Antón Santamarina Delgado, Manuel Somoza Ferrín y Norberto Ucha.

na noite do 22 de maio, agasallaron con luchi o cal asistiu numeroso público, a delegación galega do Uruguai, presentándose os integrantes do conxunto artístico folklórico adovillados cos típicos traxes nacionais de Galiza. Foi eis, que nun amabel e ledo ambiente de alabanzas e muñeiras trascurreu este simpático e cordial agasallo do Centro Pontevedrés ós irmáns do Uruguai.

# Manifesto e Temario do Primeiro Congreso da Emigración Gaiega

O feito da emigración galega é un dos máis trascendentais na historia da nosa Terra. Ao longo de máis dun século Galiza foi dando de sí, ano a ano, importantes continxentes de poboación que se espallaban sobor de todo polas nacións da América. A importancia deste movemento ponse de releve no feito de que a concentración urbana máis numerosa de xente galega non se dá na Terra senón na Arxentina, en Bós Aires. Os continxentes demográficos gaiegos n-outras cidades ou países americanos son tamén fortes.

Esas moitedumes emigrantes non s'esfarelaron nas terras alleas, non se disolvieron no novo ambiente perdendo a sua persoalidade. Pola contra, ao tempo que axudaban a forzar e soerguer os novos pobos da América, gardaban moito das suas propias características colectivas, mantíñan o contacto antre si, sentíansi comunidade. Non certamente —e felizmente— como corpos estranos e arredados dentro do orgaismo nacional en que vivían, mais sí como elementos integrantes da sociedade á que aportaban seu legado de carauter, cultura, espírito e laboriosidade. D'outra banda, estas colectividades gaiegas teñen servido de vencello antre a vella Terra nai e a nova terra adoptiva comprendo así función de irmandade e coñecimento antre doulos países lonxanos.

Non estará de máis recalcar este singular perfil da emigración galega. Inséntase ela dondamente, sin brusquedad nin violencia na comunidade que a recibe ("o galego non foi a turbare ningunha inocencia" dí, maxistralmente, Otero Pedrayo) como un regato que deitara mainiñamente as suas augas. E logo axéitase de contado á nova vida, ao novo meio, orixinando un mínimo de friccions, establecendo fíos de cordialidade, irmandade e convivencia sinceira e fonda coa xente do país. I-elo-i-eiqui ven o intresante e cásqueo o miragraso— sen desfacer e liquidar a sua condición gaiega. Pra botar man d'unha comparanza biolóxica poderíase decir que as colectividades gaiegas na América son inxertos e non quistes. Dan e reciben, en armónica simbiosis, sin perder a sua persoalidade mais sen convertirensen en corpos estranos e, por iso, molestos e ainda perturbadores. Certo que n'outras comunidades de emigrantes danse tamén características somellantes: mais cícais en ningunha come nas gaiegas se dea ese punto xusto de equilibrio antre o propio e o alleo, ou mellor antre o orixinario e o adoptivo.

A circunstancia de que as colectividades gaiegas na América teñen gardado a sua persoalidade sen se perdere esmigalladas no novo meio social encerra considerable importancia. D'unha banda, porque permite ofrendar á nación onde vive os diferentes elementos integrantes do seu propio tesouro cultural —no mais amplo sentido— enriquecendo o patrimonio espiritual colectivo. Estes novos pobos americanos, en etapa de crecemento —físico e cultural— amostran, como é lóxico, unha forte tendencia asimiladora, precisán asimilar elementos de cultura —a xeito dos organismos novos— para o desenrollo do seu propio ser. E toda contribución de boa lei e linaxe, valiosa e san, —como a nosa— beneficia ao país.

Mais d'outra banda, esa sólida permanencia das comunidades gaiegas no estranxeiro ten tamén fondo senso e valor den de o punto de vista de Galiza. Elo ten feito que se poida falar de duas Galizas, a unha c'outra banda do Atlántico. Duas Galizas xunguidas fortemente por unha i-alma e degaros comúns, pola concencia de pertencer a un pobo de fondas raigañas hestóricas e culturáis, cun rexo entronque, longo e nobre, na cultura do Océano; avencelladas entrambas duas por unha especial concepción da realidade e da vida, polo sentimento inefabre e diferencial da saudade. Mais tamén con enfoques ou olladas diferentes, se ainda que non opostas, encor de certas cousas de vivir, olladas que se poden compartir e que enriquecen o noso espírito colectivo, a nosa actitude diante da vida, e que poden mellorar a nosa aición.

O fenómeno da emigración galega ten sido ouxeto d'atención desde diversos puntos de vista, pra os nosos pensadores, os nosos poetas, os nosos economistas e sociólogos. Eisisten traballois valiosos que se adican a estudar o problema dende cada ángulo particular. O senso emotivo, as tragedias ou espranzas da emigración, latexan en moitos poemas nosos que recollen na fala do arte ó que non é doado apreixar en termos de lóxica ou estadística. Ainda está por facer a bibliografía da emigración galega, laboura de primeira importancia pra chegar a un estudo esgotador do tema. Cando se chegue a comprimir esa tarefa necesaria haberá de ver canto se ten xa matinado encolo do tema e cómo os gaiegos de acó e de aló sentiron a necesidade de esclarecer este trascendental problema.

No intre en que hoxe estamos, semella imperativo intentar unha análise colectiva do conxunto do fenómeno da nosa emigración. A laboura deixa hoxe feita tivo caraute individual: tratábase de esforzos isolados de homes escolleitos que sentían necesidade de aventurarse na custión, e facer n'ela toda a cruidade desexabre e posible. Depois de un século longo en que este proceso se desenrola, é hora xa de deternos a eisaminalo de xeito integral n'unha asamblea onde se axuntan representantes de todas ou das máis importantes comunidades gaiegas de América. Compre deterse un anaco no camiño percorrido, pra eisaminar a situación actual, pra erbesullar as correntes ou tendencias que latexan na nosa emigración e no posible, pra craxear os vicios a seguir e os fitos a acadar. Eisame de concencia colectivo que á lus do pasado, descubrindo os posibles errores ou acertos, permita correxir os uns, ratificar e ainda perfeizar os outros. N'unha verba, tomar concencia do que temos feito, do que facemos e do que deberemos facer os gaiegos que andan espallados por estas terras. Cál é a nosa misión, cásas as nosas obrigas, cara a Galiza, cara as terras onde vivimos e ain-

da cara a humanidade enteira.

Por iso decidimos convocar este Congreso da Emigración Galega n'este ano de 1956. Coincidirá co centenario do "Banquete de Conxo" feito de fondo significado na historia do noso Rexurdimento. Naquel sonado banquete, estudiantes e obreiros, irmanáronse afervoadamente baixo a dobre inspiración do amor á democracia e do amor a Galiza. As verbas ardidas do bardo Ponal e do poeta Aurelio Aguirre que resoaron coma voces de profecía baixo a ramallada da vella carballeira e seguirán resoando arreto ao longo dos anos, serían recolleitas por xeneración tras xeneración de gaiegos, inspirando os seus esforzos a prol do avance e felicidade e libertade da sua Terra. I-é axeitado poser un Congreso da Emigración Galega baixo o siño do Banquete de Conxo porque no espírito dos que n'iste participaron bullian es ideais que deben inspirar aos emigrantes gaiegos: a irmandade antre a mente e o brazo, antre o intelectual e o traballador manual, o senso de igualdade humán, o principio da libertade democrática, o amor aitivo á Terra galega e a arela de vela ergueita e ceibe.

A emigración galega atópase hoxe nunha situación de encrucillada e, por eso, delicada. Non podemos seguir aos tombos sen saber a xeito o que nos compre facer. Diante do mundo novo hai que saber tomar posición, hai que saber escoller. Con comprensión temos de recoñecer que se adevirte derradeiramente, sobre todo nos máis importantes centros, un senso maior de responsabilidade do noso rol, más sutil e crara concencia das nosas obrigas.

Isto é esprazador. Empresas culturais de outa categoría téñense encetado no seo das máis numerosas comunidades gaiegas de América. Novas e vellas institucións, rivalizan en d'axuda á nosa cultura, en organizar aitos, concursos, en crear editorias, emisións de radio ou publicar revistas, propiciar viaxes de esgrevias figuras da Terra, a carón da sua xurdia laboura de mutualidade e asistencia. Seleitos grupos da intelectualidade e da vida pública dos países americanos avencéllanse ás nosas actividades, enxerguen os nosos problemas, sinten as nosas inquedanzas.

Na nosa emigración estáse arresta producindo un movemento auspicioso. Hai que intensificalo e melloralo cara a un lumioso porvir.

O Congreso deberá recoller as ideas e as aixelas que andan no ar prasmándoas en fórmulas o más concretas posibre pra que a emigración teña un guieiro pra a sua conduita no porvir. A Comisión Organizadora invita a todalas sociedades de emigrados gaiegos e a todalas comunidades gaiegas da América, a todalos grupos gaiegos, a mandar os seus representantes a isto Congreso. Traguendo os seus puntos de vista pra que dun corcial intertroque antre os de todos poida chegar a establecer, democraticamente, un programa de ideas e de acción pra os gaiegos que vivimos fora da Terra.

Coidamos que constitui unha obriga moral pra todalos emigrados dar axuda e colaborar n'este Congreso. A emigración galega ten chegado xa a un intre, na sua evolución, en que precisa tomar concencia de si mesma e autodeterminar os seus rumbos: non pode seguir desorientada, desconcertada; hay que articular os esforzos pra d'estes outer o máisimo rendimento; hai que saber o que debemos percurar e cómo. Temos a espranza de que este 1º Congreso da Emigración Galega representará un importante paso na empresa, cada vez máis urgente e ineludible, da estreitación da Galicia Emigrada.

Bós Aires, marzo de 1956.  
Manoel Puent, Perfecto López, Francisco Regueira, Xosé S. Neira Vilas, Xosé B. Abraira, Antón Suárez do Pazo, Francisco Pazos, Antón Alonso Pérez, Manoel Martínez Lamela, Segundo Pampillón, Xosé Alfonso Reboreda, Rodolfo Prada, Cándido Rey, Antón Díaz, Valeriano Saco

## TEMARIO

### A. — O PASADO DA EMIGRACIÓN GALEGA

a) Orixens. — Comenzó do fenómeno emigratorio. Causas. Emigración a Castela e a Andalucía. Emigración a América. Tipos de emigración galega inicial.

b) O desenrollo da emigración galega no século XIX. — Centros de atracción dos emigrantes: Arxentina, Cuba, México, Estados Unidos, Venezuela. — Datos estadísticos sobre a poboación galega pra cada país: número de gaiegos residentes, actividades preferidas, "standard de vida".

c) O emigrante galego do século pasado. — Características siecloxicas e sociolóxicas do noso emigrante d'aquela época. Reacción frente ao medio americano. Attitude respecto á Terra.

d) As creacions do emigrante galego do século XIX. — Mutualismo. Sociedades culturais e recreativas. Xornais e revistas. Empresas económicas.

### B. — O PRESENTE DA EMIGRACIÓN GALEGA

a) Características xenerales. — O emigrante actual. Razón que levan a emigrar. A sua actitude espiritual. O problema económico. Reacción diante o novo pais. Avençellamento coa Terra.

b) Situación actual da emigración galega nas principais zonas de concentración: Arxentina, Cuba, México, Estados Unidos, Venezuela. — Datos estadísticos sobre a poboación galega pra cada país: número de gaiegos residentes, actividades preferidas, "standard de vida".

c) A laboura cooperativa dos gaiegos en cada país: Mutualisa. Asistencia axuda aos recién chegados.

d) A laboura cultural de cada comunidade galega. Infruxo no meio cultural do país. Figuras más relevantes. Adicación e intrés pola cultura galega. Institucións e órgaos de cultura existentes. Axuda actual ás Institucións culturais da Terra.

e) A laboura e importancia dos emigrantes gaiegos na economía de cada país. Empresas fundadas ou rexidas por gaiegos. Datos estadísticos. Sinificado na economía geral do país. Innovacións ou aportes importantes debidos a gaiegos.

### C. — O FUTURO DA EMIGRACIÓN GALEGA. FITOS E CAMINOS

a) O problema do emigrante galego. — Convén promover ou restrinxir a emigración? Ventaxas e encrucillados. Organización da emigración.

ción. Intervención dos organismos do Estado: emigración dirixida. Intervención das entidades de emigrados. Rol que lles compre na organización da emigración. Comienzo de nos contar a libre determinación individual. Deben establecerse condicións mínimas pra emigrar?: saude, idade, capacidación e emigrado analabado. O emigrado sin preparación especial (oficio ou profesión). Incorporación do emigrado ao país en que se asenta; aspeitos sociais e xurídicos; adquisición da cidadanía; o problema da doble nacionalidade.

A axuda ao emigrante. Rol das sociedades galegas de América na asistencia ao emigrado. Orientación e axuda ao emigrado que chega. Bolsas de traballo. Axuda económica ao emigrado sen achego deixa a que atopa traballo. Asistencia médica gratuita perante o primeiro período sin necesidade de asociarse a unha mutualista. Axuda pra os que se repatrian.

A capacitación do emigrado. Necesidade de incrementar a abertura de ensino das sociedades galegas. Escolas, Centros de formación profesionales (comercial e de oficios mecánicos), e artística. Plans prácticos pra elevar o nivel de capacitación do emigrado. O senso ético no emigrante. Tendencia ao afroamiento da sensibilidade moral. Necesidade de conservar os "standards" éticos: laboura pedagógica para consegui-lo (conferencias, folletos, etc.).

1. b) A emigración galega na vida social. As sociedades mutualistas máisma creación de emigración galega. — Causas da sua creación. Sinificado do fenómeno. senso cooperativo do home galego. O cooperativismo tradicional galego como base do mutualismo galego na América. Infruxo do mutualismo galego nas Sociedades americanas.

Possibilidades de estender o campo de acción das mutualidades no orden sanitario, de beneficencia, cultural e recreativo. Progresos feitos e progresos que compre facer.

Avençellamento entre as mutualistas galegas de cada país e as dos demás países. Intertróque de información permanente. Possibilidades e comienzo d'un maior vencello entre as mutualistas galegas de América.

O rol espiritual das mutualistas galegas: vencello antre Galiza e as nacións americanas. Necesidade de fomentar o muto conocemento. Organización de viaxes colectivos a Galiza. Promoción ou axuda pra o envío de grupos ou persoalidades prestixiosas de América a Galiza pra mellor coñecemento de nosa Terra e pra dar a coñecer nela os valores americanos.

2. — Infruxo de América en Galiza a través dos emigrados. Contato epistolar e contacto de visita: resultados. O infruxo dos que tornan: introdución de novos estilos de vivir, novo xeito de encarar a realidade, o traballo, a cultura. Aspeitos positivos e negativos de este infruxo. Maneira de fomentar os primeiros e de contar os segundos.

3. — Infruxo de Galiza a América a través dos emigrados. O aporte galego as sociedades americanas: valor deste aporte no orden cultural, ético, social, económico. Os seus aspeitos positivos e xeito de acrecentalos. Modo de amangoar e indar eliminar os seus aspeitos negativos.

c) A emigración galega na vida económica. — Infruxo dos gaiegos no desenvolvemento económico dos países americanos. Roitas seguidas orientacións que compre seguir. Os gaiegos no agro, na industria, no comercio. Comienzo de adicarse a actividades produtoras: vantaxas pra o país e pra o emigrante. Os riscos das actividades económicas parasitarias (especulación, usura) e necesidades de manter ao noso emigrado arredado delas. Maneiras de ourentar economicamente ao emigrado.

A acción dos gaiegos emigrados cara á vida económica galega. Posibilidades de afixar n'ela. Dificultades, e maneiras de vencelas. Axuda do emigrado á economía familiar galega. Valor desta axuda e efectos na actividad económica xeral. Ingreso en Galicia de capitales de emigrados.

Empresas fundadas por emigrados que volven. Axuda pra obras de interés xeral; comienzo e forma de dala.

d) A emigración galega e a cultura. (Pasa a pág. 3a).

## Centenario do Banquete de Conxo

Acaban de cumplirse cien años do histórico banquete de Conxo, que asinalou un acontecemento trascendental no movemento da nosa recuperación nacional.

O povo galego habíase mantido perante séculos fidel ao chamado da Terra, conservando as súas características diferenciadas, a pesares de acharse orfo de apoio político e intelectual, que deran outura e profundida nacionais ao que tan soio parecía forza ancestral e intuición. Cando todo parecía perdido, foron os Precursores, esos visionarios do pasado e do porvir, os que viñeron a asinalar o roteiro, redescubrindo os ollos de todolos galegos un pasado coase esvaidio no nebeiro do tempo e delinearon un futuro lumioso para un pobo que estaba en reconstrucción o seu camiño.

E desde entón o movemento político de recuperación galega vai sempre xungido co mellor do movemento intelectual da nosa Terra. Poetas, artistas e pensadores cantan, incitan e ourensan o despertar de Galiza na loita pola recuperación dos seus dereitos nacionais, nunha total identificación de sentidos co seu povo.

O banquete de Conxo asinala precisamente un punto culminante dessa comunión de pensamentos. Na mitade do século pasado, con un xesto de fondo significado, que rompía con todas as normas e reglas do tempo, os artesáns e estudiantes de Sant-Yago confraternizáronse histricamente no banquete, no que o bardo Eduardo Ponzal, o que anos despois había de cantar como ningún a Patria Galega, e Aureliano Aguirre, pronunciaron os seus históricos brindis, como un mensaxe de liberdade que inzou fondo no espírito de todolos galegos.

Na Patria asoballada pola opresión falaxista non se pode celebrar doadamente este centenario do histórico banquete, pero os galegos emigrados, verdadeira expresión do pobo e das súas ansias de liberdade, celebrarán baixo a súa advocación o Primeiro Congreso da Emigración, do que haberán de xurdir resolucións a prol de Galiza que respondan ao pensamento lútria emocion que vibraron no Banquete de Conxo e estiveron e están presentes en todolos feitos trascendentais da historia da nosa Terra.

## RODOLFO PRADA DA A SUA OPINION ENCOL DO CONGRESO DA EMIGRACION GALEGA

Encol do Congreso da Emigración Galega a realizárese prousimamente en Bós Aires, opina Don Rodolfo Prada, prestixoso dirixente da nosa colectividade e actual presidente da Irmandade Galega de Bós Aires.

2.....?

"Levo uns 35 anos de aituazón no seo da colectividade galega de Buenos Aires, e pode dicir que non dun xeito ou de outro, deixase de manifestáre a ideia de facer un congreso de galegos, sexa de ambiente rioplatense ou de todolos das repúblicas americanas onde houben núcleos organizados de emigrantes galegos".

"A ideia do Congreso, tamén foi expresada polo noso guieiro Castelao na tempada, — tempada histórica, — vivida por el antre nós. As circunstancias de iste país, naquel entón, non facían dada a sua realización".

"Quero con elo sinificar que a iniciativa do Consello e Galicia, re-

collida e levada a cabo por unha Comisión de figuras representativas, convocando a un Congreso da Emigración Galega respondeu a un anexo que de vello latexaba no espírito da nosa colectividade. Tivose tamén en conta que o intre aituai da Arxentina, — felismente recuperada pra Libertad e a Democracia, — é ben axitado pra o celebramento de unha tal xuntanza.

A robustez das colectividáis galegas de América, as podentes institucións que osuperon crear as quedanzas patrióticas que nelas se manifestan, facian xa imprescindírlos das mesmas, pra tomaren conbele o facer un xuntoiro de persoas tanto unhas cas outras co fin de estudaren os problemas que Iles

son comúns; de conxuntaren as labours de prestixamento do nome galego neste Continente; de aportaren, o traveso dos nosos fillos nados eiqui, a nosa peculiaridade epitoal ao acervo cultural dos países americanos; de planificaren unha aición conxunta a prol da nosa patria, de Galicia, naquiles ordes que as circunstancias os requiran. Isto é, con aberta honradeza e lealtade de fraderas, sen malas intencions, sen bandeiras partidistas; baixo o soio sinal do patriotismo galego. i.....?

